

## 1º Concurso Fotográfico “I nostri momenti italiani”

O departamento de italiano invita a todo o alumnado da EOI de Santiago de Compostela a participar no seu primeiro concurso fotográfico. Sorpréndenos!

### BASES

1. Participantes: Aberto a todo o alumnado da EOI Santiago e das súas Seccións: Noia, Ordes, Negreira, Ribeira e Sar.
2. Datos persoais necesarios: Nome completo e un pseudónimo, lingua e nivel que estudas e grupo no que estás (co nome do teu profesor/a), número de teléfono e dirección di e-mail.
3. Forma de participar: envía unha fotografía da túa autoría relacionada con Italia **cun título e un subtítulo en italiano que capte a esencia do que transmite ou queres transmitir con ela** ao seguinte enderezo de correo : [actividades.italiano@eoisantiago.org](mailto:actividades.italiano@eoisantiago.org)
4. Características: As fotografías poderán ser en B/N ou en cor, feitas coa cámara ou co smartphone e deberán ser **materiais orixinais elaborados polas persoas participantes**. O nome arquivo deberá incluír o nome do autor/autora. Ademais deberán respetar a Lei de Protección de datos de carácter persoal (non se poderán mostrar rostros recoñecibles e matrículas de automóviles). Preferiblemente en formato .jpg o .tiff.
5. Prazo de entrega: **Do 1 de febreiro ata o 25 de febreiro as 23:59 h.**
6. Prazo para votar: Haberá **tres fotografías premiadas**. As fotografías recibidas serán publicadas nunha presentación na páxina web da Escola <https://www.edu.xunta.gal/centros/eoidesantiago> para proceder a realizar a votación a través deste medio. **Abriremos as votacións o luns 26 de febreiro** e poderedes votar ata o domingo **3 de marzo**. Só se poderá escoller unha foto. Daremos instrucións sobre como votar. Estade atentos/as!!
7. Publicación das fotografías premiadas: **5 de marzo** de 2024
8. PREMIOS: Cada unha das 3 fotos gañadoras será premiada cun **vale agasallo** dunha librería de Compostela.
9. A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases e a conformidade coas decisións da organización.
10. Ao participar, o alumnado autor da fotografía cede á Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela o dereito de difundir ou publicar a imaxe fotográfica total ou parcialmente no medio que considere oportuno, sempre citando ao autor/a (ou pseudónimo se así o preferise), o seu curso e grupo.